



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA VINTESIETE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS .

En Alfoz, no Salón de Sesións da Casa Consistorial , ás catorce horas do día vinteseite de maio de dous mil vinte e dous , xúntase a Corporación Municipal en Pleno, en primeira convocatoria, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria remitida ao efecto aprobada por Decreto da Alcaldía 324/2022 de data 24 de maio de 2022.

Presidente:

Don Jorge Val Díaz (PSdeG-PSOE)

Concelleiros asistentes :

Dona Ana Aránzazu Incera Ares (PSdG-PSOE)

Don César Marrube Novo (PsdG- PSOE)

Don Cándido Paleo Rejes (PsdeG-PSOE)

Don Jacobo Geada Adrio (Partido Popular)

Dona Raquel Rouco Iglesias (Partido Popular).

Dona Efigenia Maseda Paz (VIA ALFOZ).

Don Eliseo Lorenzo García (VIA ALFOZ).

Concelleiros ausentes:

Dona María Luisa Goás Lorenzo (PsdG-PSOE), xustificada.

Secretaria:

D^a María Sofía Sanmartín Novoa.

Os concelleiros asistentes constitúen máis dun tercio do numero de membros da Corporación, co fin de constituirse en sesión plenaria en primeira convocatoria.

Aberta a sesión, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión conforme a convocatoria remitida , que son:

ORDEDODIA:

PARTE DISPOSITIVA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES(25/03/2022, 06/04/2022 E 29/04/2022) .

2.- APROBACION SEGUNDA MODIFICACIÓN CONTRATO SAF MODALIDADE DEPENDENCIA.





3.- DACION DE CONTA SENTENCIA DESESTIMACION RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO IDADE DE OURO SUSPENSION HORAS COVID .

4.- DACION CONTA INFORME REPAROS EXERCICIO 2021 E PRINCIPAIS ANOMALIAS EN MATERIAS DE INGRESOS.

5.- DACION DE CONTA INFORME CONTROL INTERNO 2021 .

6.-MOCIONS .:

6.1. MOCION PSDG-PSOE: MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE IMPLANTE O PROGRAMA COIDADOS PORTA A PORTA DE FORMA PERMANENTE .

6.2. MOCION GRUPO VIA ALFOZ: SENDA PEONIL DA ESTRADA LU-160 .

6.3. MOCION GRUPO VIA ALFOZ: SOBRE A CONSERVACIÓN DA ESTRADA LU-160 .

7- ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

8- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES(25/03/2022, 06/04/2022 E 29/04/2022) .

Pregunta o Sr. Alcalde o sentido do voto do acta correspondente á sesión ordinaria de data 25 de marzo de 2022 e extraordinarias de 6 e 29 de abril de 2022 .

Toma a palabra a Sra Maseda, voceira do Grupo VIA , para preguntarlle si na páxina 22 do acta da sesión ordinaria cando pón “ incremento do 30 5%) cál é a cifra correcta. Pola Secretaria- Interventora indica que o 30 , que o 5 é un erro.

Continúa a Sra Maseda decindo que no mesmo acta, cando se fala da retirada de bancos rotos di que ella entendeu que se ían retirar todos, e que algúns xa estaban rotos, e no acta non pon eso. O Alcalde responde que se dixo que sí que se retiraban todos e que si dan a subvención, se repoñen.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria , co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación ás actas correspondente á sesión ordinaria de data 25 de marzo de 2022 , coa corrección e aclaración indicadas, e das sesións extraordinarias de seis e vintenove de abril de 2022.

2.- APROBACION SEGUNDA MODIFICACIÓN CONTRATO SAF MODALIDADE DEPENDENCIA.





O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra Concelleira delegada de Servizos sociais, a Sra Incera, que di que respecto do SAF de dependencia actualmente estamos en fase de licitación do novo contrato, pedindo documentación en fase de requerimento ás empresas. En canto á proposta presentada se trata de un incremento do número de horas a prestar do contrato actual, aínda vixente, porque detectouse dende o servizo un incremento de necesidades segundo o informe da Traballadora Social e o citado incremento está contemplado como posible no contrato.

Pregunta a Sra Maseda , voceira do Grupo Municipal VIA ALFOZ si se trata de aumentar o número de horas.

Responde a Sra Incera que sí, que o contrato prevé ampliar o número de horas si existe maior demanda e incrementalas para ampliar o servizo.

O Sr. Geada, voceiro do Grupo Municipal do PP, di que pola súa parte todo o que sexa mellorar o servizo están de acordo.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:

“ PROPOSTA DA ALCALDIA PARA O PUNTO SEGUNDO DA ORDE DO DIA DA SESION ORDINARIA DA CORPORACIÓN A CELEBRAR O DIA 27 DE MAIO DE 2022. SEGUNDA MODIFICACIÓN CONTRATO SAF MODALIDADE DEPENDENCIA.

En data 25 de xuño de 2019 polo Pleno do Concello de Alfoz adoptouse acordo sobre adxudicación do contrato de Servizos PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENCIA NOS CONCELLOS DE ALFOZ E VALADOURO, nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a:

	ADXUDICATARIO	PREZO
Lote 1		h/ORDIN h/EXTRAO.
Alfoz	Idade de Ouro Servizos Sociosanitarios SL	14,25 12.50

*O contrato foi asinado o 16 de xullo de 2019, cunha duración inicial do contrato de 24 meses (que vencía o 31 de xullo de 2021), para un **número de horas ordinarias anuais contratadas de 21.784 horas e extraordinarias anuais de 2.193 horas.***

O Pleno da Corporación en data 25 de febreiro de 2021 acorda aprobar o expediente de modificación do contrato de Servizos : prestación do servizo de axuda no fogar modalidade dependencia (lote 1 concello de Alfoz), consistente no aumento do número de horas anuais de prestación do servizo, que pasan de 23.977 a 24.576 , sen que se modifiquen o prezo do contrato nin as demais condicións de prestación do servizo.





En data 26 de marzo de 2021 polo Pleno da Corporación se acorda aprobar a prórroga do contrato PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENCIA NOS CONCELLOS DE ALFOZ E VALADOURO, LOTE 1, ALFOZ descrito nos antecedentes por un prazo de DOCE MESES , de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato.

DURACION DA PRÓRROGA: Dende o 01 de agosto de 2021 ata o día 31 de xullo de 2022.

NUMERO DE HORAS DE SERVIZO ANUAIS(tras modificación acordada polo Pleno da Corporación en sesión 25/02/2021). 24.576 horas

Estáse a tramitar expediente 46/2022, de licitación do contrato SAF dependencia en licitación conxunta Valadouro/ Alfoz, actualmente en fase de apertura e calificación das ofertas , trala publicación de anuncio en el Diario Oficial da Unión Europea , logo da aprobación polo Pleno de 25 de marzo de 2022 do expediente de licitación.

O día 31 de marzo comunicouse á Idade de Ouro Servizos Sociosanitarios SL a citada licitación aos efectos previstos na cláusula 25.7 das dos pregos que rixen a licitación sobre a obriga de continuar coa prestación do contrato no caso de finalización da súa vixencia. Cando ao vencimento do contrato, incluída no seu caso a prórroga, non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación do servizo , entendendo que no mesmo concorren razóns de interés público pola natureza do servizo prestado e as circunstancias dos usuarios do mesmo, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que non comence a execución do novo contrato, e en todo caso por un periodo máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato sexa publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinal, engadida a anualidade de prórroga prevista no seu caso.

En data 28 de marzo de 2022, n.º RE 387 , recíbese comunicación da Xunta de Galicia sobre unha situación de usuario de dependencia en emerxencia social.

Logo de petición de emisión de informe á responsable do contrato, a Xefa da Unidade de Servizos Sociais emite informe en data 29 de abril de 2022 no que se indica:

“ (...) Terceiro. Que na actualidade estase a prestar o servizo a 46 persoas en situación de dependencia e as horas efectivamente prestadas son 2.048 horas/mes, é dicir a totalidade de horas asignadas, polo que o Concello non ten dispoñibilidade de horas libres.

Cuarto. Que hai un usuario que ten recoñecida unha Situación de Dependencia en Grao III e que con data 01/04/2022 causou alta no servizo con Resolución de Emerxencia Social. Non obstante, a intensidade de horas que se lle asignou, 31 horas/mes, é inferior ao máximo que lle corresponde, atopándose pendente dun incremento de 39 horas/mes de atención.

Quinto. Que hai unha persoa usuaria beneficiaria do SAF-Dependencia (Grao II-45 horas/mes) que solicitou a Revisión do Recoñecemento da Situación de Dependencia, por empeoramento, recoñecéndoselle unha Situación de Dependencia en Grao III e con





Revisión da Resolución de Aprobación do Programa Individual de Atención (PIA), na que figura o SAF como recurso idóneo, cunha intensidade de atención comprendida no intervalo de 46 horas a 70 horas. Na actualidade, resulta imposible asignarlle a intensidade máxima de horas de atención que lle corresponden e polo que está pendente dun incremento de 25 horas/mes.

Sexto. Que hai unha persoa usuaria beneficiaria do SAF-Dependencia (Grao I-20 horas/mes) que solicitou a Revisión do Recoñecemento da Situación de Dependencia, por empeoramento e xa foi valorada recoñecéndoselle unha Situación de Dependencia en Grao III, pero atópase pendente de Revisión da Resolución de Aprobación do Programa Individual de Atención (PIA).

Noveno. Que a previsión de horas anuais necesarias para dar cobertura de atención ás persoas usuarias que se fai referencia no punto cuarto, quinto e sexto é de 114 horas/mes, o que fai un total de 1.368 horas anuais e que incluídas as 24.576 horas anuais asignadas no presente ano suma un total de 25.944 horas/ano, correspondendo 24.942,60 horas ao horario ordinario/laborable e 1.001,40 horas ao extraordinario/festivo. “

A cláusula 27 das dos pregos de cláusulas administrativas indica:

“Prevese de maneira expresa, de conformidade co artigo 204 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a posibilidade de que durante a execución do contrato se realicen modificacións do seu obxecto conforme ás seguintes determinacións:

O número de horas sinaladas na cláusula 5ª son unha estimación, polo que no caso de que sexa necesario un aumento do número de horas de prestación do servizo derivado da aplicación da Lei de Dependencia ou por necesidade acreditada dos servizos sociais, o Concello poderá modificar (previa tramitación do expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria) o contrato, incrementando o número de horas de atención, cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE.”

Á vista do exposto, por esta Concelleira Delegada solicita informe da Secretaria-Interventora sobre expediente de modificación do contrato, emitido en data 02 de maio de 2022 en sentido favorable.

Considerando que os contratos administrativos celebrados polas entidades locais, e especificamente os contratos de servizos, poderán modificarse durante a súa execución -sempre que non se incumpran os principios da contratación administrativa-, de acordo cos principios institucionais de dita contratación e os preceptos que posteriormente sexan expresos, e que figuran segundo a orde prelativa de aplicación establecida nos artigos 203 a 207 e 191 da LCSP e no artigo 114 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en réxime local aprobadas polo Real decreto lexislativo 781/1986.

Visto o regulado no artigo 204 da LCSP en relación coa cláusula 27 das dos





pregos de cláusulas administrativas particulares que rixen a licitación:

Artículo 204. Modificaciónes previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares.

1. Los contratos de las Administraciones Públicas podrán modificarse durante su vigencia hasta un máximo del veinte por ciento del precio inicial cuando en los pliegos de cláusulas administrativas particulares se hubiere advertido expresamente de esta posibilidad, en la forma y con el contenido siguientes:(..)

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Modificacións Contractuais Previstas.

Prevese de maneira expresa, de conformidade co artigo 204 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a posibilidade de que durante a execución do contrato se realicen modificacións do seu obxecto conforme ás seguintes determinacións:

O número de horas sinaladas na cláusula 5ª son unha estimación, polo que no caso de que sexa necesario un aumento do número de horas de prestación do servizo derivado da aplicación da Lei de Dependencia ou por necesidade acreditada dos servizos sociais, o Concello poderá modificar (previa tramitación do expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria) o contrato, incrementando o número de horas de atención, cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE.(..).

Visto o artigo 102 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da LCAP, que establece o procedemento xenérico para as modificacións:

Artículo 102. Procedimiento para las modificaciones.

Cuando sea necesario introducir alguna modificación en el contrato, se **redactará la oportuna propuesta** integrada por los documentos que justifiquen, describan y valoren aquélla. La aprobación por el órgano de contratación requerirá la **previa audiencia del contratista** y la fiscalización del gasto correspondiente.

Considerando que no informe da Xefa da Unidade de Servizos Sociais se xustifica a necesidade de incrementar a intensidade do servizo cun aumento de horas para atender aos tres usuarios referidos no mesmo, e que de conformidade co informe xurídico e de fiscalización, se cumpre os límites establecidos nos pregos, na medida en que :

“(..)

Contrato inicial	n.º horas	Prezo hora(sen IVE)	Total coste(sen IVE)
Horas ordinarias	21784	14,25	310.422,00
Horas extraordinarias	2193	12,50	27412,50
Totais	23.977		337.834,50 euros.





Contrato tras primeira modificación	n.º horas	Prezo hora(sen IVE)	Total coste(sen IVE)
Horas ordinarias	23.627,40	14,25	336.690,45
Horas extraordinarias	948,60	12,50	11.857,50
Totais	24.576		348.547,95 euros.

Contrato tras proposta de segunda modificación (según informe técnico)	n.º horas	Prezo hora(sen IVE)	Total coste(sen IVE)
Horas ordinarias	24.942,60	14,25	355.432,05
Horas extraordinarias	1001,40	12,50	12.517,50
Totais	25.944,00		367.949,55 euros.

Poñendo en relación ambas cantidades o incremento do coste do contrato, logo da proposta de segunda modificación , ascende a 30.115,05 euros máis IVE, quedando por debaixo do incremento máximo do 20 % do prezo de licitación (20 % de 337.834,50: 67.566,90 euros). “

En data 05 de maio de 2022 se dicta Resolución 278/22 polo que se decreta que se entende xustificada a necesidade da segunda modificación do contrato suscrito coa empresa Idade de Ouro Servizos Sanitarios : prestación do servizo de axuda a domicilio modalidade dependencia (lote 1 Alfoz), nos termos previstos nas Cláusulas Administrativas e a súa avaliación, representando menos do 20% do valor do contrato inicial.

No mesmo acordo propónse unha modificación contractual en canto ao número de horas anuais de prestación do servizo, que pasan de 24.576 a **25.944** , sen que se modifiquen o prezo do contrato nin as demais condicións de prestación do servizo. Se entende que a previsión das necesidades anuais é compatible co fin de vixencia inicial do contrato (31/07/2022) e coa prórroga prevista na cláusula 25.7 das dos pregos (poderase prorrogar o contrato orixinario ata que non comence a execución do novo contrato, e en todo caso por un periodo máximo de nove meses).

Procedeuse a dar audiencia do contratista , dando traslado da proposta de modificación, para o que se concedeu un prazo de dez días hábiles para a formulación das alegacións que consideren pertinentes.

Transcurrido o citado prazo , se incorpora ao expediente certificado de non presentación de alegacións polo adxudicatario en data 18 de maio de 2022.

Á vista do exposto, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION a adopción do seguinte ACORDO:





PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de segunda modificación do contrato de Servizos : prestación do servizo de axuda no fogar modalidade dependencia (lote 1 concello de Alfoz), consistente no aumento do número de horas anuais de prestación do servizo, que pasan de 24.576 a 25.944 , sen que se modifiquen o prezo do contrato nin as demais condicións de prestación do servizo.

SEGUNDO.- Aprobar e dispoñer a cantidade de 19.401,60 euros máis IVE á que ascende o incremento do prezo do contrato que require a modificación.

TERCEIRO.- Notificar a Idade de Ouro Servicios Sociosanitarios SL , adxudicatario do contrato, o presente acordo e emprazalo para a sinatura da formalización da modificación do contrato a través da sede electrónica municipal.

CUARTO.- Requerir ao interesado para que proceda á ampliación da garantía definitiva por importe de 970,08 euros , correspondentes ao 5% da ampliación do prezo do contrato.

QUINTO.- Publicar anuncio do presente acordo de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días , de conformidade co artigo 207,3 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

3.- DACION DE CONTA SENTENCIA DESESTIMACION RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO IDADE DE OURO SUSPENSION HORAS COVID .

Toma a palabra o Sr Alcalde para decir que cando estivemos en pandemia á empresa non se lles pagou as horas que non prestaron no servizo de axuda no fogar, reclamou no contencioso administrativo e o xulgado deu a razón ao Concello. Cartos que aforramos.

Consta no expediente proposta da Alcaldía coa seguinte literalidade:

“ Visto o acordo do Pleno da Corporación de data 28 de outubro de 2020 :

“ En data 23 de outubro de 2020, con n.º Re 1201 , recíbese oficio do Xulgado do Contencioso- administrativo n.º 1 de Lugo recaído en Procedemento Ordinario 157/2020 , sendo demandante Idade de Ouro Servicios Sociosanitarios SL contra Resolución notificada en data 30 de xuño de 2020 dictada polo Concello de Alfoz sobre expediente 98/2020 sobre contratación administrativa.

No oficio se ordena a remisión ao órgano xudicial do expediente debidamente foliado no prazo de venite días hábiles, interesando que a reslución administrativa que se dicte de remisión de expediente sexa notificado no prazo de cinco días seguintes a





cantos aparezcan como interesados no mesmo emprazándose para que se personen como demandados no prazo de nove días. As citadas notificacións se incorporarán ao expediente administrativo.

Igualmente se solicita que se comunique ao órgano xudicial a existencia de outros recursos contenciosos- administrativos aos efectos de acumulación e designación da autoridade ou empregado responsable da remisión do expediente administrativo.

O citado oficio está datado de 08 de outubro de 2020 e se acompaña de Decreto da mesma data polo que se admite a trámite o recurso contencioso- administrativo interposto por Idade de Ouro Servicios Sociosanitarios SL contra a resolución dictada polo Concello de Alfoz de data 29 de xuño de 2020 , acordo Pleno de desestimación de recurso de reposición contra Resolución da Alcaldía de 02 de abril de 2020: Non estimación suspensión contrato de servizo SAF dependencia.

O citado recurso contencioso-administrativo foi presentado, segundo o Decreto xudicial, en data 31 de agosto de 2020 .

Visto o expediente 98/2020 , no que consta , entre outros informe emitido pola Secretaria- Interventora en data 19 de xuño de 2020, que indicaba de forma resumida , que :

.PRIMEIRA.- O artigo 34 do RDL 8/2020 distingue unha regulación específica da suspensión dos contratos que ven a desprazar o réxime xeral do artigo 208 da Lei 9/2017, de Contratos do sector Público.

SEGUNDO.- A relación contractual entre o Concello de Alfoz e o recurrente é un contrato administrativo de servizos (artigo 17 da Lei 9/2017), sendo ademáis de prestación sucesiva, regulada a súa suspensión no primeiro apartado do artigo 34 do RDL 8/2020.

Por tanto, la petición del recurrente cuando dice: “Entendemos que, sin mayores esfuerzos, se debe aplicar el punto 4º del art.34 del Real Decreto Ley 8/2020 de 17 de marzo” NON É ADMISIBLE , porque o punto cuarto se aplica para os contratos de xestión de obras ou servizos e o recurrente é adxudicatario dun contrato administrativo de servizos.

TERCEIRO.- O réxime indemnizatorio de danos e perxuicios establecidos polas suspensións totais ou parciais dos contratos administrativos de servizos deben entenderse de forma sine qua non, é decir, de non estimarse a suspensión non procede indemnización.

Non cabe esixir , ao abeiro do artigo 34 do RDL 8/20 , abono de danos e perxuicios que non estén vinculados cunha apreciación por parte da administración da concorrencia de causas de suspensión, isto é , da imposibilidade de execución do contrato.

CUARTO.- O Real Decreto Lei 8/2020 ven a cambiar o réxime legal xeral da suspensión de contratos, desprazando a aplicación do artigo 208 da Lei 9/2017 , pero nada máis e nada menos. Non sería precisamente axustado ao principio de especialidade alegado polo recurrente afirmar que os RDL 8 e 11/20 desprazan a totalidade de condicións e aspectos da relación contractual, nin , por ende, a totalidade das cláusulas previstas nos pregos de prescripcions administrativas.

A cláusula vixésimo séptima das dos pregos é aplicable directamente ao suposto, e por





tanto a redución de horas efectivamente prestadas asumibles dentro do principio de risco e ventura do contratista .

QUINTO.- A competencia para resolver o recurso de reposición contra a Resolución da Alcaldía se entende que é do Pleno Municipal, como órgano de contratación e por cesar as causas que habilitaron a facultade do artigo 21.1.m da Lei 7/1985.

Considerando que o acordo Plenario de desestimación do recurso de reposición foi adoptado de conformidade co citado informe xurídico , se entende por esta Alcaldía que procede defender a desestimación do recurso de reposición interposto polo recurrente ante o recurso contencioso-administrativo referido, polo que en data 26 de outubro de 2020 solicitouse a emisión de informe de Secretaria sobre procedemento de personación no proceso contencioso- administrativo ordinario 157/2020 A e encargo da representación procedimental e defensa aos servizos de asesoría xurídica da Excmá Deputación Provincial de Lugo.

O citado informe se incorpora ao expediente sen sentido favorable na mesma data.

Á vista do expediente tramitado, 291/2020 e do citado informe xurídico no que se indica que é competencia plenaria por ser o órgano de contratación, PROPONGO AL PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar a personación en autos no procedemento ordinario n.º 157/2020 ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 1 de Lugo en defensa dos intereses municipais, en concreto, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 29 de xuño de 2020 sobre desestimación de recurso de reposición interposto por Idade de Ouro Servicios Sociosanitarios SL en relación coa suspensión do contrato de servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación aos letrados da Asesoría Xurídica da Excmá Deputación Provincial de Lugo ao abeiro de canto se dispón no Regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica (BOP 14/01/2020).

SEGUNDO.- Nomear aos letrados da Asesoría Xurídica da Excmá Deputación Provincial de Lugo, para que en nome e representación de este Concello acudan a dito acto, e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados. “

Visto que en data 09 de decembro de 2021 recíbese oficio do servizo de asesoría xurídica da Deputación Provincial de Lugo polo que se remite sentenza nº 205-21 de 30 setembro, ditada polo Xulgado do Cont/Adm nº 1 de Lugo no PO 157/2020, seguido a instancia de Idade de Ouro Servicios Sociosanitarios . S.L. e sendo demandado o Concello de Alfoz , na que se falla: Que DEBO DESESTIMAR y DESESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SL frente al EXCMO. CONCELLO DE ALFOZ, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como PROCESO ORDINARIO número 157/20, respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta sentencia, que se declara





acorde con el ordenamiento jurídico.

A citada sentenza non tiña carácter firme, pois cabía recurso de apelación, que non foi interposto, polo que polo Xulgado dictouse dilixencia de ordenación de firmeza de data 25 de xaneiro de 2022.

A motivación da sentenza se fundamenta en que: Tal y como consta en el informe obrante en el expediente, la Administración acordó de oficio que se suspendiera el servicio de ayuda en el hogar a 10 usuarios, y otros usuarios (5) solicitaran de forma voluntaria esa suspensión temporal, y a mayores 2 de ellos también solicitaron la reducción de horas. Es decir, a causa de la COVID-19, se suspendió temporalmente el servicio de ayuda en el hogar en 15 supuestos y en 2 se redujo el número de horas, de modo que el servicio quedó afectado respecto de 17 de los 45 usuarios, lo que se tradujo en una reducción de 259,76 horas de las estimadas para el mes de marzo, porcentaje de casi el 13% de dichas horas.

(...) se entiende que para que pueda apreciarse una imposibilidad parcial de la prestación de servicio debe acreditarse un agravamiento relevante o extraordinario en las condiciones económicas del contrato como requisito previo para el reequilibrio económico, no pudiendo obviarse que el art. 34.4 se refiere a la compensación de pérdida de ingresos respecto de la ejecución ordinaria del contrato; y en el caso de litis el servicio se ha seguido prestando en los mismos términos pactados sin que la reducción de las horas del mes de marzo de 2020 pueda entenderse suficiente, por todo lo ya dicho, para estimar la pretensión indemnizatoria solicitada. Cuestión distinta es si se hubiera superado el 20% de las horas previstas en el contrato, supuesto que sí sería de perfecto encaje en el concepto indemnizable de pérdida de ingresos respecto a los previstos en la ejecución ordinaria del contrato de servicios al que se refiere el art. 34.4 “.

Á vista do indicado, esta Alcaldía, ACORDA:

Dar conta ao Pleno da Corporación da sentenza nº 205-21 de 30 setembro, ditada polo Xulgado do Cont/Adm nº 1 de Lugo no PO 157/2020, seguido a instancia de Idade de Ouro Servizos Sociosanitarios . S.L. e sendo demandado o Concello de Alfoz, na que se falla: Que DEBO DESESTIMAR y DESESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SL frente al EXCMO. CONCELLO DE ALFOZ, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como PROCESO ORDINARIO número 157/20, respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta sentencia, que se declara acorde con el ordenamiento jurídico. “

O Pleno dase por enterado.





4.- DACION CONTA INFORME REPAROS EXERCICIO 2021 E PRINCIPAIS ANOMALIAS EN MATERIAS DE INGRESOS. -

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar aos Concelleiros asistentes que tivechedes ocasión de ver o informe emitido pola Secretaria- Interventora sobre reparos e anomalías en materia de ingresos, que ás veces están motivados por causas alleas á nosa intención e xestión, como cando non presentan as facturas a tempo.. e que a ver si se fai o expediente de baixas de cerrados.

Co permiso do Sr. Alcalde a Secretaria indica que sí que é certo que é un expediente que debe facerse, si ben o volume de traballo asumido pola funcionaria e as dificultades xa alegadas noutras ocasións para atopar antecedentes que xustifiquen as baixas de dereitos pero tamén de obrigas, dificulta a súa realización.

Consta no expediente proposta da Alcaldía que di:

En cumprimento do establecido no artigo 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, pónse en coñecemento do Pleno o informe emitido en data 25 de abril de 2022 sobre os reparos e principais anomalías en materia de ingresos do exercicio 2021.

O Pleno dáse por enterado.

5.- DACION DE CONTA INFORME CONTROL INTERNO 2021 .

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que nos faltaría aprobar un regulamento de control interno, pero vaise facendo as cousas bastante ben dentro das capacidades que temos, técnica e administrativa. Dos contratos si se pode sempre pídense ofertas, e vaise ao máis barato, e como dixer na Comisión de Contas hai cousas que sabemos que temos que sacar a licitación, como o mantemento dos alumeados, que á unha anomalía que ven de atrás... o resto dos servizos procuramos ir á oferta máis barata, pero si é unha necesidade rápida vaise ao inmediato para poder prestar ben o servizo, e ademáis a veces é unha cuestión de calidade, que nos pasou co cloro, que pedimos un que era máis barato pero se gastaba máis cantidade para manter os mesmos niveis.

Consta no expediente proposta da Alcaldía que di:

De conformidade co regulado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , e o seu desenrolo polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local, dáse conta do informe resumen anual emitido pola Secretaria- Intervención en data 25 de abril de 2022 , do que se deu conta ao Tribunal de Cuentas e ao Ministerio de Facenda a través da aplicación RICEL o día 25 de abril de 2022. (Data límite 30 de abril).

O Pleno dáse por enterado.





6. MOCIONS.

6.1. MOCION PSDG-PSOE: MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE IMPLANTE O PROGRAMA COIDADOS PORTA A PORTA DE FORMA PERMANENTE.

Consta no expediente Moción coa seguinte literalidade:

“ O Grupo Municipal dos Socialistas de Alfoz de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE IMPLANTE O PROGRAMA COIDADOS PORTA A PORTA DE FORMA PERMANENTE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Visto a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de servizos para a execución do programa Coidados Porta a Porta.

Xustifícase a necesidade da contratación indicando que o programa Coidados Porta a Porta ten coma obxectivo específico acercar os servizos sociais e asistenciais ao medio rural mediante distintas unidades móbiles, converténdoo en servizos de proximidade que faciliten ás persoas maiores continuar a súa vida na súa vivenda habitual. Como resultado espérase unha mellora das condicións de vida e dos servizos sociais e asistenciais de proximidade que as persoas maiores de 55 anos necesitan, especialmente nas áreas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia, para converter as súas contornas de convivencia en lugares a proba do ciclo de vida onde poidan desenvolverse con garantías durante un período mais prolongado.

O programa de Coidados Porta a Porta está integrado nun conxunto de proxectos de innovación dos servizos sociais, a executar pola Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, xestionados polo Goberno do Estado.

O prezo deste contrato ascende a 9.568.479,48€ dos cales soamente o gasto de aluguer das oito unidades móbiles ascende a 4.215.804,96€

Este programa préstase a través de oito unidades móbiles, que se desprazarán durante os anos 2022 e 2023 por un total de 306 concellos de Galicia iniciándose a prestación o 21/02/2022 e finalizando o 3/11/2023 cunha estancia total de 10 días hábiles en cada Concello, polo que se trata dun servizo temporal e meramente electoral, sen pensar en que efectivamente os galegos e as galegas necesitan este servizo de forma permanente, porque tanto a estimulación da memoria, como os servizos de podoloxía e audioloxía son servizos preventivos e de carácter estable para permitir que efectivamente se melloren as condicións de vida e dos servizos sociais e asistenciais, pois desta forma non se garante a continuidade deste servizo.

Asimesmo, o prego de prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos para a execución do programa Coidados Porta a Porta establece que son obrigas do contratista na prestación do servizo as seguintes:

- O contratista realizará os servizos sociais e asistenciais nos concellos establecidas no anexo I mediante oito unidades móbiles, apoiando aos usuarios nas





subidas e nas baixadas do vehículo.

- O espazo físico onde se establezan as unidades móbiles será proposto polo respectivo Concello á empresa adxudicataria, unha vez consultadas as persoas responsables dos servizos sociais de cada Concello.

Corresponde, en todo caso, ao órgano contratante a aprobación previa de calquera modificación respecto á localización inicial aprobada, agás imposibilidade material posterior.

- O contratista deberá garantir en todo momento a plena dispoñibilidade de medios materiais e persoais ofertados en cada período para a prestación do servizo sendo responsable do control e solución das incidencias que se produzan durante a prestación do servizo.

- No caso de avaría ou perda dos vehículos adscritos ao servizo, o adxudicatario deberá substituílo por outro/s de condicións similares ao contratado. Ademais, deberá presentar ao órgano contratante, o máis axiña posible, toda a documentación técnica do vehículo de substitución.

- O contratista deberá levar a cabo ás revisións e mantemento tanto dos vehículos como dos dispositivos embarcados para o correcto funcionamento dos servizos ofertados. Estas actuacións levaranse a cabo sen afectar á dispoñibilidade de medios ofertados segundo o calendario.

- O contratista deberá levar a cabo todos os cometidos de limpeza e hixiene para asegurar a prestación dun servizo de calidade.

- En todo caso, a través dos medios necesarios para a prestación do servizo o contratista deberá de contribuír á divulgación e difusión en todos os ámbitos dos distintos programas, servizos sociais e actuacións promovidas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (servizo de teleasistencia avanzada, transporte adaptado SGAMP, actividades de envellecemento activo, entre outros) dende unha perspectiva realista e proveitosa para as persoas usuarias.

- A realización de actuacións que causen prexuízo ou atenten contra a boa imaxe da Administración terán a consideración de incumprimento grave do contrato.

Por outra banda, establece que os requisitos do material móbil utilizados para a prestación do servizo son:

- Unha plataforma elevadora homologada que garanta o acceso de persoas con discapacidade funcional ou con mobilidade reducida.

- Sistemas autónomos de ventilación e climatización

- Grupo electrógeno debidamente insonorizado que permita total autonomía e teña a potencia necesaria para o correcto funcionamento da unidade móbil

- Deberán de poder conectarse a un sistema de conexión eléctrica exterior.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de Alfoz a adoptar os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha o Programa Coidados Porta a Porta de forma permanente, dotándose de unidades móbiles propias, evitando desa forma o gasto excesivo de aluguer do mesmo.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a efectuar o control do cumprimento do





contrato asinado coa empresa adxudicataria do servizo, xa que non está cumprindo os pregos de prescricións técnicas para a adxudicación ao obrigar aos Concellos a dotar dun enganche de luz cando teñen a obriga de dispoñer dun grupo electróxico debidamente insonorizado que permita total autonomía e teña a potencia necesaria para o correcto funcionamento da unidade móbil.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que informe aos Concellos sobre a duración das consultas para axudar a solicitar as mesmas aos veciños a través dos servizos sociais municipais ante as numerosas queixas de veciños indicando que chamaban ao número de teléfono establecido nos carteis para solicitar as citas e non contestaba ninguén, coa finalidade de que este servizo chegue a toda a veciñanza, sobre todo aos que non teñen medios de transporte para realizar os desprazamentos ao lugar onde se instale a unidade móbil

Toma a palabra a Sra Incera Ares, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE para indicar que se trata de un bo programa que tivo moita aceptación, que se estivo a prestar nos concellos de A Mariña e a verdade é que a xente quedou encantada , e o ideal é que fora un servizo permanente e non como ata agora, que se prevé dúas veces ao ano por concello, con unha dotación importante en medios e persoal, e se trata de pedir que sexa contínuo. O que tamén supemos é que houbo dificultades para algúns veciños para pedir cita, non sabemos si é porque teñen unha línea única de atención, e por iso pedimos colaborar o Concello para encauzar as citas.

Toma a palabra o Sr. Geada, voceiro do Grupo Municipal do PP, para indicar que estamos de acordo en que pasen máis veces ao ano si non é que o fan permanente porque entendemos que é un servizo importante para os veciños de máis de 55 anos. Tamén con que se cumpran os pregos do contrato, que como todo contrato deberá esixirse que se cumpran. En canto ao teléfono eu probei e o colleron á primeira, e doutra xente que chamou tamén, polo que entendo que deberon ser casos puntuais.. O problema é que se acababan moi rápidas as horas e á xente deuse a opción de ir a outros municipios, e foron dando solucións.

Indica a sra Incera que sí que o servizo funciona moi ben e non se limitaban a o mesmo Concello, e por iso a idea é que se fixera permanente, pero que nós tivemos coñecemento de xente que tivo problemas para contactar de ahí que nos ofrezcamos colaborar.

O Sr. Geada dí que sí que puido darse algúns problemas puntuais.

O Sr Alcalde intervén para dicir que tamén se podía optimizar o gasto e usar locais do centro de saúde e así se aforraban os costes dos autobuses que daría para máis técnicos.

O Sr. Geada di que iso xa depende de cada Centro de saúde e concello, porque non todos os centros teñen locais dispoñibles.

A Sra Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz indica que entende que non todos os concellos poderían ter locais para ese servizo e que tampouco van a mirar Concello por Concello.





Insiste o Sr. Alcalde en que a metade do orzamento vai no aluguer dos buses.

A Sra Maseda di que en canto ao teléfono supoño que estaría saturado nun momento, pero que xa que se prestan a informar e facer de canle hai outros servizos que poderíamos facer o mesmo e non se fai, como no caso das ITV das motos e dos vehículos agrícolas, que hai moitos anos se collía número no Concello, logo se chamaba dende aquí, e logo á central e había de todo... e que ese servizo é o primeiro ano que se presta, que está de estreo e supoño que irán correxindo e mellorando.

Di o Alcalde que para iso está esta Moción, para que se poidan facer as cousas mellor.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, co resultado de catro votos de abstención (concelleiros Grupo Municipal PP e VIA Alfoz), e catro votos a favor (Grupo Municipal PSdG-PSOE), maioría simple , ACORDA:

Prestar aprobación á Moción.

6.2. MOCION GRUPO VIA ALFOZ: SENDA PEONIL DA ESTRADA LU-160 .

Consta no expediente Moción coa seguinte literalidade:

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte MOCION para a súa discusión no PLENO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Actualmente existe un tramo de senda peonil paralelo ao marxe esquerdo da estrada autonómica LU-160 que discorre entre o punto quilométrico 17,470, en Vilaúde, e o punto 18,720, en Reirado. Esta senda é utilizada diariamente por moitos veciños que, aparte de solicitar melloras no tramo existente, en numerosas ocasións desde a súa construción amosaron o seu desexo de que esta senda continúe ata o límite co concello veciño de O Valadouro.

Na actualidade os veciños deben camiñar polo arcén da LU-160, xa que non hai beirarrúas en ningún dos marxes do vial ata chegar ao concello do Valadouro, o que confire un risco para os peóns debido ao grande número de vehículos lixeiros e pesados que diariamente transitan por esta estrada.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que a construción do tramo restante desta senda daría lugar a que os peóns dispuxeran dun espazo seguro e cómodo polo que camiñar, respondendo ademais á demanda desta obra da que a Xunta xa prometera a súa execución no ano 2012. Así mesmo, presentouse unha moción ao





respecto, por parte do Grupo Municipal de Veciños Independentes de Alfoz, o 13 de novembro de 2017.

Por outra banda, debemos indicar que a actual senda carece de sinalización axeitada polo que en algunha ocasión, a pesar do seu carácter peonil, é utilizada por bicicletas, cabalos ou motocicletas, supoñendo un risco para os peóns. Ademais disto, e a pesar de discorrer fronte ao IES Alfoz-Valadouro, carece dun paso de peóns que poda dar acceso ao centro, cruce que sería viable debido á actual limitación do tramo a 50 Km/h. Ademais, as varandas de madeira debería revisarse xa que algunhas están soltas sendo un perigo para os peóns e mesmamente para os vehículos.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte

Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a realización das seguintes obras:

1. Execución do tramo restante da senda peonil entre os puntos quilométricos 18,720 e 19,290.
2. Colocación de sinalización tanto no tramo existente da senda como no de nova execución, indicando o seu uso exclusivo para peóns.
3. Reparación da varanda de madeira existente.
4. Colocación dun paso de peóns fronte ao IES Alfoz-Valadouro. “

Co permiso do Sr. Alcalde, toma a palabra a Sra Maseda , voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, para indicar que de este tema xa se falou en pleno e que se trata dunha senda peonil moi usada polos veciños de Alfoz e de O Valadouro, que debería ter continuidade, polo que se propón que se remate o trozo de senda que falta e que , ademáis, se arranxen os desperfectos da existente.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que estamos totalmente de acordo; de feito nós no ano 2020 enviamos informe (e ensina un documento) pedindo o enlace máis de un paso peonil nas Texoeiras. O caso é que os técnicos nos informaron que o paso é difícil que o fagan por non ser tramo urbán, e igual que o da ESO, que dudo moito que se faiga.. con iso non quero dicir que non esté de acordo con pedilo, que se pode pedir, pero me tempo que non vai ser favorable. O tema dos arranxos xa están comunicados ao responsable, a Gerardo, e din tamén as queixas da limpeza, que ten un equipo para iso e pasaron de largo.

Di a sra. Maseda que andaban por Vilaúde.

Contesta o Alcalde que houbo veces que a limpeza tivo que facela o Concello, e o desbroce. Ademáis eu non sei porqué se rompen as proteccións, porque o do coche xa se reparou, pero deben ceder por apoiarse e sentarse. Xa vos digo que estou de acordo en pedilo á Xunta, e si unen eu encantado, que o tema xa está falado co Delegado da Xunta.

Toma a palabra o Sr. Geda, voceiro do Grupo Municipal do Partido





popular, para decir que nós tamén estamos de acordo, e que tanto a reparación como a limpeza ten que levala a cabo a Xunta. Tamén no tema da sinalización, que debe ser peonil e non estar con bicis sería o mínimo, e o paso de peatóns o vemos problemático polo tema da visibilidade na carretera.

Di a Sra Maseda que si todos respectamos as sinais hai un 50 e non debería ter problema.

Insiste o Sr. Geada que sigue sendo problemático e non sei si no informe do técnico se fai referencia ás distancias da estrada e os accesos a casas privadas.

O Alcalde di que os que van nas bicis entendo que tamén saberán que non é para iso.

A Sra Incera, voceira do grupo Municipal do PsdG-PSOE di que entende que se recorde con sinalización non está de sobre, e que si hai problemas de visibilidade do paso de cebra non será mellor eliminar na moción o tema do paso de cebra?.

Di o Sr. Alcalde que por pedir o papel pode con todo.

Pregunta o Sr. Lorenzo, do grupo Municipal VIA Alfoz, pola situación do acceso ao instituto. Resposta o Sr. Alcalde que teñen descarga alí, que eso foi o que me dixo o vixiante pero que non sendo xona urbana non veía viable o paso, pero como queirades, que hai que ser realista e non pedir por pedir, pero que pola moiña parte como vexades, que se pide e que xa se verá si din que non.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, co resultado de oito votos a favor , maioría absoluta e unanimidade , ACORDA:

Prestar aprobación á Moción.

6.3. MOCION GRUPO VIA ALFOZ: SOBRE A CONSERVACIÓN DA ESTRADA LU-160 .

Consta no expediente Moción coa seguinte literalidade:

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte MOCION para a súa discusión no PLENO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As vías de comunicación representan un papel decisivo para o desenvolvemento económico do noso concello e a súa cohesión, integración e equilibrio territorial e, dentro destas, a estrada LU-160 xoga un papel vital xa que se trata da principal vía de acceso a Alfoz.

Na actualidade a estrada LU-160 presenta un deficiente estado de conservación, particularmente no seu acceso ao concello desde Mondoñedo, aproximadamente entre os puntos quilométricos 10,500 e 12,000, onde se necesitan de forma urxente obras de mellora do firme que eviten o perigo que supón transitar nas actuais condicións.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que esta situación se debe poñer





en coñecemento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, coa intención de que se leven a cabo as obras necesarias de mellora e conservación da estrada LU-160.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte ACORDO: Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a realización das seguintes obras de mellora e conservación necesarias na estrada LU-160, particularmente entre os puntos quilométricos 10,500 e 12,000 .”

Co permiso do Sr. Alcalde , toma a palabra a Sra Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, para indicar que si vades pola carretera logo de O Pouso ata o final do Concello podedes comprobar que o estado do firme é bastante malo, por non decir que deixa moito que desexar, ten baches, e ten necesidade dun arranxo con bastante urxencia porque é a vía de saída do Concello ao resto da provincia, especialmente cara Lugo capital, e o seu estado de conservación precisa dun arranxo rápido, que deberíamos requerir á Xunta.

Toma a palabra o Sr. Geada, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Alfoz para decir que o fondo da Moción é correcto, que estamos a favor de que se arranxe e se manteña no mellor estado posible para evitar situacións de risco, pero indo ao concreto , aos puntos kilométricos, vemos baches tamén no cruce do Cristo , na subida do Pouso, pero o punto kilométrico 11 xa é do Concello de Mondoñedo e creemos que é onde peor está. Nós temos puntos que están mal e se deberían arranxar, pero temos que ter en conta que dende o punto kilométrico 11 xa é Mondoñedo.

Di a Sra Maseda que esta Moción xa se fixo con anterioridade, e que podería incluso facerse en conxunto con Mondoñedo e mandando á Xunta incluíndo o tramo que lles afecte a eles.

O Sr. Geada dó que nós podemos pedir para nós, e que os de Mondoñedo pidan para o seu.

Intervén a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE que entende que podemos pedir o arranxo da vía sen facer referencia ao punto kilométrico concreto.

Di o Alcalde que a carretera afecta a moitos concellos, que empeza en Viveiro e remata en Mondoñedo.

O Sr. Geada di que lle parece o lóxico que si empezan nun sitio seguirán arranxando todo..

O Alcalde informa que esa carretera amañoouse fai dous anos, pero polo tema do sal que se bota polas partes escuras por mor das xeadas o asfalto é onde se deteriora, que o sal come o alquitrán.

O Sr. Geada di que tamén andan quitando na madeira.

O Sr. Alcalde responde que nós temos competencias para pedir para Alfoz, pero podemos decir que hai deficiencias na vía e pedir que se corrixan, non acotando os tramos, e esperar que arranxen todo, non só o tramo de Alfoz.





Debatido o asunto, os concelleiros chegan ao acordo de someter a Moción coa seguinte modificación: Na parte dispositiva onde di: *Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a realización das seguintes obras de mellora e conservación necesarias na estrada LU-160, particularmente entre os puntos quilométricos 10,500 e 12,000 .” debe decir: Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a realización das seguintes obras de mellora e conservación necesarias na estrada LU-160.*

Sometido o asunto a votación coa modificación proposta, o Pleno da Corporación, co resultado de oito votos a favor , maioría absoluta e unanimidade , ACORDA:

Prestar aprobación á Moción.

7.-ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.-

Non se producen.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

8 - DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

Indica o sr. Alcalde que os tedes á vosa disposición puntualmente no Gestiona .

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Geada Adrio, voceiro do grupo Municipal do Partido Popular, para formular as seguintes

PREGUNTAS: As últimas marquesinas colocadas ¿ seguiuise un análise técnico para deducir a súa ubicación ou foi por petición dos veciños?

Responde o Sr Alcalde que as últimas marquesinas foron colocadas pola Deputación nas súas carreteras e o criterio foi que houbera cativos que usaran transporte escolar, e ademáis, se dispoñera de sitios, por exemplo tivemos que escoller unha masa común que no seu día habia cativos que usaban o bus e no Carballal van cinco nenos. Esos foron os criterios.

ROGO: Di o Sr. Geada que serán en carreteras da Deputación pero podería o Concello atender ao seu mantemento e segar alomenos ao redor da marquesina, porque na que hai puoco despois de Costiña ten un metro de maleza.

Di o Sr, Alcalde que si está así é porque non se usa.





Di o Sr. Geada que xa sabe que a parada está máis abaixo pero que calqueira pode usala aínda que non sexa para o bus.

Responde o Alcalde que cambiouse o punto de recollida por seguridade e non coinciden as paradas do bus coas do transporte escolar, polo que quizás no futuro teña que cambiarse a marquesina.

O Sr. Geada dí que non critica a ubicación, senón o mantemento, e que ir alí e limpar a herba son cinco minutos.

Responde o Alcalde que hai outras prioridades e que se irá cando toque.

Toma a palabra a Sra. Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz para formular as seguintes:

PREGUNTA.- Lida o acta do último pleno, de 25 de marzo de 2022, según falamos respecto da moción sobre Ucraia , o Alcalde e a concelleira de Servizos Sociais dixeron que estaba colgado na páxina web escrito da FEMP a disposición dos veciños coas pautas para a colaboración, e non está.

Responde a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE , que compartiuse con todas as asociacións nos grupos de wusup, non na páxina web.

Insiste a Sra Maseda que o pon no acta e que entonces aprobaron algo que non é verdade, e tamén dixeron que habia un teléfono habilitado e na páxina web non figura.

A Sra Incera insiste en que mandouse a todas as asociacións a información no seu día por wusup e que dende entón non se recibiu nada máis, que si non tamén sería compartido.

PREGUNTA.- Sobre o cambio de carteis e rótulos da Ruta dos Castelos no trozo a Muíño San Damián ..na páxina web aparece esta ruta como oficial.

Contesta a Sra Incera que as tres rutas oficiais están na páxina web.

Insiste a Sra Maseda que a dos Castelos tamén.

Di a Sra Incera que a ruta dos Castelos non é unha ruta oficial, que as tres rutas oficiais están actualizadas na aplicación.

Di o Sr. Alcalde que se mirará e se correxirá.

PREGUNTA.- Sobre as papeleiras da área recreativa da Pontenva ¿ Retiráronse?.

Contesta o Alcalde que algunha sí se retirou.

A Sra Maseda dí que hai a mesma situación no parque do Palmeiro.

PREGUNTA.- ¿ Cando se inicia o servizo da piscina?

Resposta a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, que o 1





de xullo.

PREGUNTA.- ¿ E a pista de pádel?

Resposta a Sra Incera que esta semana publicouse a Ordenanza e por lei ten que estar exposta quince días hábiles, e ata o día 18 de xuño legalmente non se pode habilitar. O resto está todo en marcha.

Intervén o Sr. Lorenzo para preguntar si abrirá a finais de mes.

Resposta a Sra Incera que non, que o día 18.

Pregunta o Sr. Geada Adrio, voceiro do Grupo Municipal do partido Popular si xa está listo o mecanismo de acceso.

Resposta a Sra Incera que sí, que xa está encargada a pantalla, o sistema de reserva na web a través de código de acceso de desbloqueo e que a maiores instalaráse unha cámara de vixilancia, carteis informativos e todo tal e como quedamos.

PREGUNTA.- ¿ Está previsto colocar algún sistema para que non entren os paxaros?

Resposta a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE que está facendo referencia a un caso concreto.

Indica o Sr. Lorenzo que habería que poñer un sistema para os paxaros pequenos.

O Sr. Geada Adrio di que cada día habería que comprobar que a pista estivera apta para o seu uso.

O Sr Alcalde dí que sí, que cando se abra se revisará.

PREGUNTA.- ¿ A quen está cedida as escolas ?

Resposta o Sr Alcalde que a quen pide o permiso.

PREGUNTA.- Na subvención o 1,5 % cultural do Ministerio se fixo un proxecto para o arranxo do Castelo, e agora para outra subvención se fixo proxecto por un técnico distinto da empresa adxudicataria , Proyestegal, ¿ Porqué no caso desta subvención se adxudicou a outro técnico? ¿ Cál é o motivo?.

Resposta o Sr. Alcalde que iso non é así. Tiñamos un proxecto anterior á adxudicación do contrato con Proyestegal. O Castelo ten unha necesidade de arreglos e quitamos a actuación da subvención do 1,5 que nunca chegaba e o metimos no Plan Único, que sabemos que o temos, porque non se podía esperar máis por seguridade e pola necesidade que teñen as ventanas. Como é unha obra que estaba cun proxecto que xa estaba pagado aproveitouse para non pagar outro.

Toma a palabra a Sra Incera, concelleira delegada de Turismo, para decir





que se fixo unha revisión de prezos e que non vamos a pagar outro proxecto e que a subvención do 1,5% non se daba conseguido.

PREGUNTA.- Solicitei o expediente da Fonte da Grela e logo da súa revisión non me queda claro porqué o Concello de Alfoz se adxudica a propiedade, porque os de concentración din que é un terreo en sitio de ninguén, porque está fora de finca, en esquina de rúas. ¿ Qué da a propiedade ao Concello? ¿ Porqué a arranxa o Concello?.

Responde o Alcalde que ese sobreancho quedou previsamente porque tiña a fonte, non é unha casualidade. E esa fonte ninguén ten a documentación de que sexa pública si está preguntando porque non está inventariada , como máis cousas, por iso se fixo a consulta a Infraestructuras Agrarias e xa lle digo que ese sobredimensionado foi precisamente para protexer a fonte.

Pregunta a Sra Maseda que é distinto da fonte de As Oiras, que é dos veciños.

Insiste o Sr Alcalde que si o sobreancho é do camiño e o camiño é público do Concello, e non da Deputación, entón... este tema xa foi tratado no proceso de concentración precisamente para protexela e poder limpiala e facer obra,,,,e se non é do concello porqué non protestaban cando a limpiamos? Si eres propietario antes porqué nos mandabas limpiala? .. e a situación da fonte das Oiras é de toda a vida, que o Concello non ten propiedade algunha alí, e o amaño o fixeron os veciños cunha subvención. O proxecto xa o tiña o Concello pero non podíamos facer a obra porque non tiñamos ningunha propiedade física alí, e no caso da Grela sí, a propiedade física do sobreancho.

A Sra Maseda di que ese arranxo non entra nunca o lavadoiro.

Responde o Sr. Alcalde que aquilo é un esperpento e xa se dixo no seu día, menos un que está encaprichado, aquilo estaba con lousa recortada, columnas de plástico, unha mezcla de cementos que rompía o entorno porque por alí as casas están ben conservadas. Se fixo un proxecto para adecuar a fonte ao entorno e ás condicións arquitectónicas, como punto de xuntanza e descando, que si fora lavadoiro non se poderían poñer bancos , e a finalidade é que sexa un punto de encontro para a xente, non para ir lavar.

A Sra Maseda di que ten visto a xente usando o lavadoiro.

O Sr. Alcalde di que non era un lavadoiro de pedra, e que sin saber ni tan siquiera de qué iba o proxecto un xa se atribuiu o tema.

Di a Sra Maseda que máis de un.

Di o Alcalde que se pasa a outro tema.

ROGO: Non sei si visteis na prensa e no Facebbok que a Deputación de Lugo fixo fixos a traballadores que estaban contratados temporalmente, e visto a postura





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

do Sr. Tomé de facer cumprir a lei de estabilización para reducir a interinaxe do persoal, rogamos que se faiga o mesmo cos traballadores municipais que están na mesma situación.

Contesta o Sr. Alcalde que precisamente hoxe pola tarde xa temos reunións cos sindicatos, que nós temos unha RPT xa aprobada que contemplada estos supostos, pero que de todas formas somos distintos da Deputación, e a intención nosa xa se soupo e foi negociada cos sindicatos antes dos orzamentos e acordouse a estabilización e estamos no proceso... Así que vos informamos por si alguén está preocupado.

A Sra Maseda di que é a lexislación europea quen obriga e que o fai a Deputación e o Estado.

Di O Sr. Alcalde que todos somos Administracións independentes e autónomos. E que non é unha normativa europea, senón estatal que recolle sentencias europeas, como tamén a reforma laboral é do Parlamento español.

Insiste a Sra Maseda que é o Parlamento de España a través das normas de Europa.

Responde o Sr. Alcalde que si vostede o dí, será así.

E non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas cincuenta minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa firma do Alcalde e da Secretaria que da fe.

O ALCALDE.
Vº e Prace. _

A SECRETARIA

